



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE AXUDA PARA A COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS Á POBOACIÓN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OCASIONADA POLA COVID-19

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

Arturo Parrado Puente, director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Cruz Roja Española en Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, aínda que o período de xustificación de gastos comprenderá ata o 15 de febreiro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española en Galicia para regular o marco de cooperación para o desenvolvemento dun programa extraordinario de axuda en materia de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que, dentro das prioridades Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020 está a de “Fomentar unha intervención de calidade dos servizos sociais na prevención e





abordaxe integral das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social” o obxectivo de “Reducir o impacto das situacións de privación material nas familias”. Entre as medidas previstas no documento para acadar este obxectivo inclúese a de “Desenvolver programas para a atención das necesidades básicas das familias mediante medidas de acción positiva para o acceso aos bens básicos (alimentación, vestido e calzado) a través da iniciativa pública e da iniciativa social”.

Ademais, o decreto 61/2016, polo que se establece a carteira de servizos sociais de inclusión, comprende os servizos de Cobertura das necesidades de alimento e de Provisión de recursos básicos, cuxos obxectivos están conectados co proxecto obxecto deste convenio.

Neste senso, o obxecto deste convenio consistirá no desenvolvemento dun programa extraordinario de axuda en materia de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19 obxecto deste convenio.

O programa consistirá na entrega por parte de Cruz Roja Española en Galicia de tarxetas moedeiro recargables ás persoas e familias en situacións de vulnerabilidade económica que cumplan os requisitos establecidos no convenio. A entidade encargárase de xestionar as solicitudes, de xeito coordinado cos servizos sociais comunitarios do concello de residencia do solicitante da forma prevista no convenio, e posteriormente realizará a entrega ás persoas beneficiarias. A entidade será a encargada de desenvolver as ferramentas informáticas que permitan a tramitación das axudas de forma áxil e a aportación de datos estatísticos cando lle sexan requiridos, así como de realizar as xestións necesarias coa entidade bancaria emisora das tarxetas.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular xustifícase na circunstancia de que non existe na comunidade autónoma ningunha proposta de realización dun proxecto de características similares, pola súa dimensión e alcance a nivel autonómico, e toda vez que a entidade ven desenvolvendo xa un





programa de resposta integral de asistencia ás persoas en situación de vulnerabilidade ante a crise sociosanitaria provocada pola COVID-19, polo que conta coa capacidade de xestión suficiente para desenvolver un programa como o exposto de xeito homoxéneo e eficaz en toda a Comunidade Autónoma, e aporta para este fin os medios humanos e técnicos que son precisos (economicamente esa aportación pódese cuantificar en 294.000 euros), polo que a Consellería de Política Social considera que a colaboración no desenvolvemento deste programa cumpre, indubidablemente, unha función de interés social e humanitario en consonancia co establecido pola Lei de Subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente

